

# PLAN DIXITAL

## CEIP San Marcos

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O CEIP San Marcos atópase no Camiño da Bandeira nº1, en Cartelle, 32654 Ourense. Os datos de contacto son:

- Correo electrónico: [ceip.sanmarcos.cartelle@edu.xunta.es](mailto:ceip.sanmarcos.cartelle@edu.xunta.es)
- Teléfono: 988 78 36 40
- <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcoscartelle/>

O centro ten actualmente 42 alumnos, 16 en Ed. Infantil e 26 en Ed. Primaria (dividida en dúas aulas). Polo tanto o centro ten 3 unidades. É un centro internivel rural, con un catálogo de profesorado de 4 mestres (infantil, inglés, ed. física e música) e a maiores itineran orientadora, relixión e mestres de ed. especial. O profesorado non ven sendo estable, cambiando cada ano case por completo, porén adoita ser xente nova con boa competencia dixital e coñecemento en novas tecnoloxías.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto

#### Educativo do Centro

O colexio está situado nunha zona rural, aínda que os avances en tecnoloxía móbil e fibra fan que moitas familias teñan acceso a internet e dotación tecnolóxica nas súas casas. Desta maneira hai colaboración coas familias a través das novas tecnoloxías.

O centro apostou por implantar o programa Abalar-Edixgal dende o curso 2021/2022 e ten recursos dixitais abondo (sección informática na biblioteca, tablets, pantallas dixitais interactivas).

O profesorado está implicado no traballo na aula empregando as novas tecnoloxías, especialmente na etapa de primaria, e nos cursos máis altos. Tense realizado no curso 2020/2021 grupos de traballo en relación a aula virtual e aos recursos educativos dixitais.

Dende o proxecto educativo apóstase pola innovación e aproveitamento das TICs para incrementar as aprendizaxes e motivación do alumnado. Desta maneira a importancia de manter a páxina web do centro e redes sociais vinculadas na mesma, é fundamental de cara a implicar ás familias e ao alumnado.

O Plan Dixital ten a obriga de contribuír na próxima PXA do curso 2022/2023, clarificando os obxectivos prioritarios do centro en materia dixital. Desta maneira nel concretáanse accións indispensables para que o centro continúe en progreso cara o cumprimento de obxectivos educativos básicos, entre os que se encontra especialmente os relacionados coas competencias clave, e máis en concreto coa dixital.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

A Consellería de Educación trasladoulle ao centro a importancia de mobilizar a través deste Plan Dixital as accións máis relevantes no centro en relación ás novas tecnoloxías e ao seu ámbito en todos os elementos e axentes da comunidade educativa, a normativa en relación co Plan Dixital do noso centro atense á lexislación vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

## 1.4. Proceso de elaboración

O Plan dixital do centro foi elaborado pola dirección, para o cal se tivo en conta as aportacións do claustro unha vez realizados os pasos previos de enquisas (SELFIE) e de elaboracións do DAFO, en titorización polos asesores.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta co seguinte:

- Infraestrutura dixital do centro: o colexio ten unha moi boa conectividade por fibra de internet, que chega a todas as instalacións por WIFI e cable de rede. Tamén se conta con teléfono IP da rede corporativa da Xunta.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos:
  - Aulas dixitalizadas: As 5 aulas do centro están equipadas con un ordenador e 3 con pizarra dixital.
  - Proxecto E-Dixgal: Cómtese con 1 aula de primaria cos ordenadores Edixgal.
  - Equipos de xestión e administración: Atópase na dirección do centro 1 equipo.
  - Uso na biblioteca: Espazo con 8 computadores de acceso para tarefas educativas.
  - Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: Cómtese con 2 na sala de mestres.Equipos ultraportátiles para aula móbil: Disponse de 2 Ipad.
- Aulas de informática e dotacións para proxectos específicos: Non se dispón.
- Servizos dixitais educativos: Páxina web corporativa do centro, teléfono corporativo, Abalarmóbil, AulaVirtual, E-Dixgal.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro: Realizado polo director e responsable TIC, con asistencia en caso de avaria de técnicos de Abalar ou de empresas.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Recóllense as fontes empregadas:

- Autoavaliación SELFIE: Preséntase o resumo das áreas do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	4,4
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,9
	Alumnado	4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	4,7
	Alumnado	4,4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4,3
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	4,9
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	4,1
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	4,3
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	5
	Alumnado	4,4

- Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100</u>
PROVISIONAL	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0</u>
INTERINO	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0</u>

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,8	Integradora B1	76,4	Integradora B1

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	78,8	Integradora B1	68.2	Integradora B1
PRI.	79.3	Integradora B1	77	Integradora B1

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A infraestrutura dixital favorece o ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</li> <li>2. Existen dispositivos dixitais para o labor docente</li> <li>3. Facilitase acceso a internet para o labor docente</li> <li>4. Existen sistemas de protección de datos</li> <li>5. Existen dispositivos no centro para que o alumnado os use cando os precise</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Os docentes carecen de tempo para explorar métodos de ensino dixital</li> <li>2. Non se dispón de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías</li> <li>3. Non se usan suficientemente os repositorios ou bibliotecas en liña con material de ensino aprendizaxe</li> <li>4. A actualización e mantemento dos equipos corre a cargo do profesorado</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Reflexiónase sobre o desenvolvemento profesional continuo relacionado co ensino usando TD</li> <li>2. Búscanse recursos educativos en liña</li> <li>3. Úsanse co alumnado recursos educativos en liña</li> <li>4. Úsanse as TD para comunicacións co centro educativo</li> <li>5. Úsanse TD para avaliar as habilidades do alumnado e facilitar a súa retroalimentación</li> <li>6. Promóvese pola dirección o uso das TD para avaliar</li> <li>7. Facilitase ao alumnado TD para documentar a súa aprendizaxe</li> <li>8. Os docentes participan en programas de desenvolvemento profesional</li> <li>9. Os docentes colaboran no uso da tecnoloxía</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Non existe debate entre alumnado e profesorado sobre pros e contras do uso das tecnoloxías dixitais no ensino</li> <li>2. Non se usan as TD para colaborar con outras organizacións</li> <li>3. Non se intercambian internamente experiencias sobre o ensino con TD</li> <li>4. Non se usan as TD para que o alumnado observe o traballo dos seus compañeiros</li> <li>5. O alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable</li> <li>6. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando TD</li> <li>7. Non se participa en actividades da admón. sobre actualización de competencias dixitais</li> <li>8. Docentes con competencia dixital insuficiente</li> <li>9. Os docentes non participan en redes profesionais</li> </ol>
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A dirección asegúrase de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias</li> <li>2. O alumnado descoñece as vantaxes do software libre</li> <li>3. O alumnado está motivado e disposto ante as TD</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O alumnado non aprende a codificar nin a programar</li> <li>2. O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao usar TD</li> <li>3. O alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable</li> <li>4. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin e a comunicarse usando TD</li> </ol>
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Disposición ao uso das TD no centro</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Baixa competencia dixital das familias</li> </ol>

	<b>OFERTA</b>	1. Contamos con espazo físico para facilitar a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	2. O centro ten experiencia no uso de contornas virtuais de aprendizaxe 2. O centro dispón dunha comunicación regular e ben organizada
		1. O docentes carecen de tempo para explorar métodos de ensino con TD 2. Carecen de tempo para elaborar material para a aprendizaxe mixta 3. Carecemos dun plan que axude aos docentes a enfrontar os potenciais problemas coa aprendizaxe mixta relacionados coas condicións socioeconómicas

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	1. Ofrecense programas de innovación relacionados coas TD 2. Dáse recoñecemento administrativo aos programas educativos dixitais 3. O centro dispón de fondos para actualizar e renovar as TD	1. As modalidades de formación non se axustan ás necesidades dos docentes 2. Non se asigna persoal con competencias para traballar con TD sendo centro E-dixgal 3. Non hai estabilidade no centro do persoal docente 4. Instrumentos dixitais complicados e pouco interactivos
	<b>LEXISLACIÓN</b>	1. Cambios lexislativos que faciliten usos das TD	1. A lexislación dificulta o uso das TD
	<b>ANPA</b>	1. Creación de actividades extraescolares que beneficie as competencias dixitais	1. Malestar por alonxarse de prácticas tradicionais de ensinanza
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. Facilitar as interaccións con institucións	1. Complexidade nas identificacións e certificados dixitais



### 3. Plan de Acción

No curso 2022/2023 levarase a cabo este plan no centro, detállanse a continuación os pasos e procedementos a realizar para que se consiga con éxito os obxectivos propostos e se logre avanzar en relación á dixitalización da educación, e redunde finalmente na calidade educativa no centro e aprendizaxe do alumnado.

<b>ACCIÓN</b>	<b>RESPONSABLE</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
Elección do responsable TIC	Director/a	1ª semana setembro
Renovación equipos informáticos da aula de infantil e Grupo 1 de primaria	Director/a	Setembro 2022
Revisión dos equipos informáticos do centro	Responsable TIC	Setembro 2022
Posta en funcionamento de AbalarMobil	Director/a	Setembro 2022
Recabar información e manter contacto coas familias en AbalarMobil	Mestres, supervisión director/a	Setembro 2022
Alta de profesorado e alumnado 4º, 5º e 6º na aula virtual	Responsable TIC	Setembro e outubro 2022
Uso da plataforma EVA E-dixgal	Mestres, supervisión director/a	Setembro e outubro 2022
Actividades de formación para o alumnado en materia de seguridade en colaboración con axentes externos	Responsable TIC	Entre outubro 2022 e maio 2023
Actividades cos recursos dixitais do centro: PDIs, tablets, ordenadores, etc.	Mestres, supervisión Responsable TIC	Entre outubro 2022 e maio 2023
Velar pola seguridade no uso físico e online dos recursos dixitais.	Mestres, supervisión Responsable TIC	Curso 2022/2023

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración dos obxectivos do Plan Dixital, e concretar así o Plan de Acción, seguiuise como base a análise do DAFO, tendo en conta tamén o contexto do centro (alumnado, familias, recursos humanos e materiais, etc.).

As áreas prioritarias do Plan de Acción son:

- Garantir a funcionalidade das TIC do centro
- Seguridade no uso
- Expandir a alfabetización dixital, chegando a todo o alumnado
- Principios de igualdade de oportunidades e inclusión
- Colaboración coa contorna e comunidade educativa

#### **OBXECTIVOS:**

- Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro (A2\*)
- Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3\*)
- Actualizar os dispositivos dixitais das aulas de infantil e grupo 1 de primaria (C8\*)
- Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado (E3\*)

Os obxectivos quedan concretados nas táboas realizadas a continuación.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro está ben dotado tecnoloxicamente e durante os últimos dous cursos actualizouse e mellorouse a dotación. Aínda así, queda pendente seguir renovando e reparando os equipos cada curso.

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Liderado (A)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro (A2*)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director/a				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema AbalarPro (Instrumento: Enquisa)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	80% dos mestres/as					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% dos Mestres/as			20/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Facer sesión en setembro de formación e posta en marcha do programa AbalarPro.	Director/a	1/10/2022	Dispositivos móbiles/pc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: AO1.2: Fomentar prácticas e enquisas ás familias mediante a ferramenta AbalarPro por parte de todos os mestres/as	Director/a	1/12/2022	Dispositivos móbiles/pc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: AO1.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas sobre o alumnado.	Director/a	20/06/2022	Dispositivos móbiles/pc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(\*A2: Desenvolvemento da estratexia co profesorado

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3*)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director/a				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Realizar cando menos unha colaboracións con outras entidades en relación a formación en competencias dixitais. (Instrumento: Memoria anual)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Non se realizan actividades, charlas, obradoiros, etc. levada a cabo por entidades externas.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 actividade, charla, obradoiro, etc. levada a cabo por entidades externas.			20/06/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías" ou da Cruz Vermella.	Director/a	20/06/2022	Dispositivos móbiles/pc Portátiles edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(\*B3: Colaboracións)

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Actualizar os dispositivos dixitais das aulas de infantil e grupo 1 de primaria (C8*)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director/a				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Renovar os computadores do profesorado por equipos máis potentes, seguros e modernos.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Dous equipos obsoletos nas aulas.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Dous equipos novos potentes e seguros.			10/11/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Mercar dous equipos CPU novos, con potencia e actualizados.	Director/a	10/11/2022	Fondos dos gastos de funcionamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(C8\*: Dispositivos dixitais para aprendizaxe)

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado (E3*)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Titor de 4º, 5º e 6º				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Realización de actividades co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: Memoria anual apartado de cada grupo)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% de uso durante este curso.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% dos alumnos entrega actividades unha vez ao mes na aula virtual.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO7.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado de 4º, 5º e 6º EP na AV do centro	Persoa responsable das TIC	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Publicar actividades nos cursos correspondentes da AV do centro una vez ao mes.	Mestres do grupo	20/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(\*E3: Empleo de contornas virtuais de aprendizaxe)

## 4. Avaliación do plan

O Plan de Acción será revisado mensualmente nas reunións do claustro para comprobar o cumprimento dos obxectivos marcados en función da temporalización programada. Deberase indicar cun porcentaxe o nivel de cumprimento.

Para asegurar a avaliación procesual, ao final de cada trimestre valorarase o cumprimento global, e de ser o caso aplicaranse as modificacións pertinentes para poder realizar o máximo das accións programadas nos seguintes meses.

Para a avaliación final, ao remate do curso valorarase o cumprimento dos obxectivos marcados, que debe ser dun nivel alto ou completo. Ademais, propoñeranse obxectivos para o vindeiro curso de deberán quedar concretados no Plan Dixital para o curso 2023/2024, elaborado no mes de maio.

## 5. Difusión do plan

elaborado no mes de maio.

O Plan Dixital, acompañará a PXA como anexo, o que servirá para darlle difusión e coñecemento.

Tamén se incluírá na documentación que deben consultar e revisar os membros do claustro no inicio de curso.

Ademais o responsable de TIC deberá velar porque se poñan en marcha as accións recollidas no plan, para o que dará difusión ao claustro e a dirección para poder cumprir co programado.